

LLG. REPASO PENDENTES. LITERATURA

➤ Consulta os fundamentos teóricos sobre a literatura nas seguintes páxinas do libro de texto: o texto narrativo (p. 36-37) e o texto poético (p. 76-77).

1. Le este texto e responde as preguntas.

Na miña vila non había máis ca un cine. Agora, chegaba ben. Os días de cine anunciábanse cun taboleiro cheo de cadros da cinta colgado da parede.

Entradas non había máis ca de dúas clases: as butacas, abaixo, e o galiñeiro, arriba. Agora os prezos subiron, pero daquela unha butaca custaba doce cadelas e unha entrada de galiñeiro, seis. Ao galiñeiro só iamos os rapaces, pobre ou ricos, e os homes pobres.

Marcial Suárez (1969): *O acomodador e outros relatos* (Adaptación).

- ➔ Resume o texto e indica o seu tema.
- ➔ Indica o xénero literario ao que pertence o texto. Xustifica a túa resposta.
- ➔ Que subxéneros se distinguen nese xénero?
- ➔ Elabora un esquema en que recollas os tres xéneros literarios, coas súas características e os seus subxéneros.

2.- Le este texto adaptado tirado do libro *Cousas de Castelao* e identifica o narrador, o marco e a súa estrutura interna (introdución, nó e desenlace). Que relación gardan a imaxe do propio Castelao e o texto? Lémbrete de xustificar a túa resposta e indicares as liñas.



O fillo de Rosendo andaba aboiado polas rúas amostrando a súa faciana albeira de mozo malmantido. As letras que aprendera non eran dabondo para vivir do traballo da testa e o señoría conseguido non lle deixaba vivir do traballo das mans.

O fillo de Rosendo xungiuse a unha muller vella, gorda e rica, porque diante de si non albiscaba máis ca o pan da escravitude. Gran desgraza! Porque hai algo peor ca traballar para non morrer de fame e é casar para poder comer todos os días.

O fillo de Rosendo fíxose dono dalgúns pesos nas véspera do casamento e cando casou levaba oito décimos de lotaría nos petos do seu traxe novo.

E cando o fillo de Rosendo xa estaba encarado coa súa desgraza chegou a lotaría e púxolle nas mans unha chea de miles de pesos, que non eran da súa muller, que eran seus mesmamente, porque de certo xa os levaba consigo cando foi á igrexa...

A sorte chegou tarde e agora o fillo de Rosendo anda sempre aparelado coa súa muller, que é o seu drama.

3.- Fai unha análise métrica (medida, acento final, sinalefas...) deste poema de Pondal. Indica o seu tema e identifica recursos literarios.

Dos celtas antigos
gloriosos exemplos;

do duro romano
non lixios, non servos;
rompede as cadeas
da patria, dos eidos;
loitade valentes;
loitade, galegos.
Con rogo e con pranto,
con brandos acentos,
non ben se conseguen
os nobres empeños:
esforzo e constancia
vos piden os tempos;
loitade animosos;
loitade, galegos.

4.- Realiza un resumo do relato e indica o seu tema. Sinala os elementos da narración (narrador, espazo, tempo, personaxes...). O texto é de Rafael Dieste e pertence á súa obra *Dos arquivos do trasno*.

PAMPÍN

Non sei se é nome ou alcume. Chámanlle Pampín. Se é nome propiamente, segundo os documentos, é tamén alcume, nome feito por nós, por todos nós... Un nós de moita largueza, no que caben rafegas de vento mariñeiro, disputas de gavotas arremuiñadas, escumas e ondas a correr pola area... É un mozote un pouco fazuleiro, ancho e duro. Vai sempre cunha caniña pequena e ben arrefeitada como unha batuta. Vai pola ribeira facendo moitos relanzos. E coa caniña mil estremonías. A un neno deulle dous croques tan suaves, tan cheos de maxia, que o neno tivo unha súpeta e calada surrisa, e deixou de xogar un intre. A outro quitoulle a boina e fíxoa xirar na punta da cana. De seguida devolveulla e seguiu asubiando non sei que. Repara en todas as cousas, failles cariños ás pedras, e se algún sueste ou calquera outra prenda cae dunha balconada, Pampín é sempre o que avisa.

Hai un pouco estaban dúas lanchas demasiado xuntas a bater. Pampín foi nunha gamela a desapartalas.

Onte –avenlle moitos días– axudou a turrar da rede. Pasaba por alí, e axudou. Cando chegou o cope, Pampín divirtiuse moito poñendo medo a un neno cun cangrexo. Despois reparou nunha cunchiña pequerrecha que fora copiando os ceos de moitas matinadas, colleuna e foise. Non se lembrou de cobrar o quiñón. Certo é que despois volveu e apañou algúns peixiños que quedaran na area. Agora disque ten mentes de ir navegar. Poida que si. Levará a súa caniña e irá petando amorosamente con ela nas cousas do mundo. E cando, de volta, desembarque no peirao asubiando ou facendo que asubía, choutará pola ribeira a noticia, inxel, estourante, lucinte: —¡Veu Pampín!

5.- Le o poema “Selfie” do libro *Aplicación instantánea* (2018) de Carlos Negro. Indica o tema, analiza a métrica e identifica os seus recursos literarios.

Como as nenas que torcen os camiños,
escollín o que inzaba de silvas.
E dixéronme cousas feas
por non volver atrás
seguindo o rastro
das migas
de pan.
Pero miro adiante e non desisto,
rabuñada
e que.

6.- Agora fai o mesmo co poema “Adolescencia” do mesmo libro.

Medrar
foi meter os dedos
nos enchufes prohibidos.

E quitalos
un segundo antes
de que todo rematase en desastre.

7.- En *Poemar o mar* de Antonio García Teijeiro aparece o seguinte poema. Indica o tema, analiza a métrica e identifica os seus recursos literarios.

Un / dous / tres catro!
no meu mar
pérdense os barcos.

Tres / nove / feixes!
No meu mar
non quedan peixes.

Seis / cinco / ou máis!
No meu mar
venden corais.

Oitenta fíos!
No meu mar
non morren ríos.

E sete esquinas!
No meu mar
nacen buguinas.

E seis que xiran!
No meu mar
todos respiran.

Nove vereas!
No meu mar
viven sereas.